



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E CINCO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 11)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e cinco de marzo de dous mil vinde e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaioito de marzo de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E EVOLUTIVOS DAS LICENZAS DE USO DO SISTEMA DE *BACKOFFICE* PARA A XESTIÓN DO CONTROL HORARIO (WCRONOS) DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 18 de marzo de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo. expediente N^o: 2022/CON_02/00004.

Primeiro.- Valoración da documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:



Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7C42Y3NI62XOPKQZ5DE4JXK4.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe de RR.HH., CSV: IV7C42XOFE4T3XO32BQUKASSNY.

Informe emitido polo Servizo de Comunicación e TICs –Sección Novas Tecnoloxías, con CSV: IV7CQGH3LX6JDZOU44ME7BGI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7CTX7JPZEN7GR2SJVGGQLGNY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C46PYDMP5T6NY5QHW43DEY.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7C46P6OEX732UMQBPU652G44.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7C47CCJH4MXNOTAZXGKYRG4E.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7C4ACKIFEMTJJO2UAT4VJW6Q.

Acordo da Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7C4EDPDDVOLP753QXDCNPHE.

Acta da Mesa de Contratación do día 21 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C6CYD35US7BNSQ4GX4MLPGI que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo. Expediente Nº: 2022/CON_02/00004.

Apertura e calificación da documentación administrativa.

Apertura e valoración de oferta dos criterios de adxudicación, criterios cuantificables automaticamente. Fase 1

Apertura da Fase de Negociación.

Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente á documentación administrativa.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta foi Abaco C.E. Informáticos S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador, consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura dos criterios de adxudicación avaliados de forma automática-Fase 1, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.-Fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN	% DE DESCENTO OFERTADO/PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 70 PUNTOS). P.B.L.: 6.899,47 €	5,1% de desconto/ 30 puntos

Puntuarase a baixada no orzamento base de licitación de acordo co seguinte baremo:

Baixa inferior ao 5 % do orzamento base de licitación. 15 puntos.

Baixa igual ou superior o 5% e ata 10% do orzamento base de licitación. 30 puntos.

Baixa superior ao 10% e inferior ao 15 % do orzamento base de licitación. 45 puntos.

Baixa igual ou superior ao 15 % do orzamento base de licitación. 70 puntos.

En caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos,aínda que será admitida.



Xunto coa oferta económica a empresa Abaco C.E. Informáticos S.L. presenta unha oferta técnica (non susceptible de valoración económica) onde se describen as prestacións á realizar de conformidade co previsto no apartado 5 do prego de prescricións técnicas.

A Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes o seguinte:

1.- Dar traslado da oferta técnica ao Servizo de RR.HH. aos efectos de que informe se cumpre cos requisitos mínimos esixidos no PPT.

2.-Iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite á empresa Abaco C.E. Informáticos S.L. Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación.”

Acta da Mesa de Contratación do día 25 de febreiro de 2022, con CSV: IV7C6MAY3QP5XLBLANNBERSO74 que recolle as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo. expediente N°: 2022/CON_02/00004.

Primeiro.- Apertura y valoración de oferta , fase de negociación (fase 2ª).

Segundo.- Requirimento de documentación.

Deuse conta que na Mesa celebrada o día 21 de febreiro de 2022 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación do contido do informe emitido polo servizo de RR.HH. en relación á oferta técnica presentada pola empresa Abaco C.E. Informáticos S.L., no que conclúe que “Que dita oferta cumpre cos requisitos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.”

Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador Abaco C.E. Informáticos S.L. presentou na fase de negociación,resultando da súa apertura o que se indica a continuación:

Incremento, sen custe para a administración contratante, do mínimo de horas de formación (ata un máximo de 30 puntos).

Puntuarase o incremento, sen custe para a Administración contratante, do número de horas de formación sobre a formación mínima esixida. (apartado 4 dos PPT).

☐ Incremento de catro horas de formación “*on line*” sobre o mínimo obrigatorio, valórase con 15 puntos.

× Incremento de 8 horas de formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio valórase con 30 puntos.

Tendo en conta que na fase de adxudicación a empresa obtivera 30 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación (30 puntos) resulta un total de 60 puntos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:



LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
ABACO C.E. INFORMÁTICOS S.L.	Fase I +Fase II : 30 puntos+ 30 puntos = 60 puntos

2º.- Requirir á empresa Abaco C.E. Informáticos S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
5.411,24 euros	270,56 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 18 de marzo, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente o certificado de non ter débedas pendentes coa Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Aceptar a documentación presentada pola empresa Abaco C.E. Informáticos S.L. e considerala completa.

Adxudicar á empresa Abaco C.E. Informáticos S.L. con NIF:B47039276, a contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo por un importe máximo de 5.411,24 euros, aos que se engadirán 1.136,36 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 6.547,60 euros .A empresa adxudicataria comprométese a incrementar en 8 horas a formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio.

O prazo de duración do contrato será de un (1) ano, podendo prorrogarse por un período de tempo máximo de (3) anos, de ano en ano, sen que a duración total do contrato supere os 4 anos(1+1+1+1).

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 09:54 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da Mesa de contratación sinalada no encabezado.”



Vista a fiscalización previa de conformidad, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Abaco C.E. Informáticos S.L. con NIF:B47039276, a contratación do do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de *backoffice* para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo por un importe máximo de 5.411,24 euros, aos que se engadirán 1.136,36 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 6.547,60 euros, coa coa seguinte distribución por anualidades:

Ano 2022: 4.637,88 euros. Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

Ano 2023: 1.909,72 euros Aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información).

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2023 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.

A empresa adxudicataria comprométese a incrementar en 8 horas a formación “*on line*”, sobre o mínimo obrigatorio.

2º.- A duración do contrato será de un (1) ano, podendo prorrogarse por un período de tempo máximo de (3) anos, de ano en ano, sen que a duración total do contrato supere os 4 anos(1+1+1+1). O inicio da prestación non comezará antes de que remate o contrato vixente que finaliza o 16 de abril de 2022.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA, PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES RELATIVOS Á CONTRATACIÓN DAS “PRESTACIÓNS NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE POL E A FONSAGRADA (CAM POL LOTE 1 E CAM A FONSAGRADA LOTE 2)”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe con CSV: IV7C3XAJYBET5W7PQVGHIRYEL4 que figura no expediente, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 04.03.2022, adoptou, entre outros, aprobar o expediente de contratación, 2022/CON_02/000015, dando aprobación ao contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.

Vista a memoria xustificativa relativa á contratación das “prestacións nos centros de atención a persoas maiores dos municipios de Pol e A Fonsagrada (CAM Pol lote 1 e CAM A Fonsagrada lote 2)” 2022/CON_02/000015 co CSV IV7CY2XMB5OJV6MY274UCNTECA, détéctase un erro, o cal se traslada aos PPT do citado expediente de contratación co CSV IV7CY2ICPUEKROJMQVMNG5IVN4, así como ao PCAP con CSV IV7CYYLJJAB3SVF3DVURKA3SOI.



En concreto onde se sinala o persoal para as prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, a presenza mínima de persoal para dar cobertura indícase:

“c.2.3) Para o servizo de atención residencial cunha ocupación igual ou maior a 21 e ata 31 persoas usuarias, ambos incluídos, a adxudicataria garantirá a presenza de persoal dedicado ás prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, como mínimo de 2 traballadores/as na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde, de luns a domingo.

Reforzo: cando así se estime oportuno por parte da dirección do centro (Deputación de Lugo) serán reforzadas estas prestacións con persoal que dedique 2 horas de xornada presencial ao día segundo o establecido nos cupos de traballo deseñados pola delegada da contratista e da coordinadora do centro, con carácter xeral.”

Cando debería sinalar:

“c.2.3) Para o servizo de atención residencial cunha ocupación igual ou maior a 21 e ata 31 persoas usuarias, ambos incluídos, a adxudicataria garantirá a presenza de persoal dedicado ás prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, como mínimo de 1 traballador/a na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde, de luns a domingo.

Reforzo: cando así se estime oportuno por parte da dirección do centro (Deputación de Lugo) serán reforzadas estas prestacións con persoal que dedique 4 horas de xornada presencial ao día segundo o establecido nos cupos de traballo deseñados pola delegada da contratista e da coordinadora do centro, con carácter xeral.”

Este erro, solo afecta á memoria, PPT e PCAP sinalados, e non aos cálculos do orzamento base de licitación nin ao valor estimado do contrato. Non afecta ao informado xuridicamente.

Terase en conta que o anuncio de licitación da contratación que nos ocupa foi enviado ao DOUE o 08.03.2022, polo que deberá ampliarse o prazo de presentación de ofertas por un período igual ao transcorrido”.

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas da contratación das “Prestacións nos Centros de Atención a Persoas Maiores dos municipios de Pol e A Fonsagrada (CAM Pol lote 1 e CAM A Fonsagrada lote 2), rectificadas nos termos recollidos no informe reproducido anteriormente.

2º.- Publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público a memoria xustificativa, os pregos de prescricións técnicas e os pregos de cláusulas administrativas rectificadas e outorgar un novo prazo de licitación, sumando á data final de presentación de ofertas, os días xa transcorridos desde o envío do anuncio inicial.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DA MEMORIA XUSTIFICATIVA, PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES RELATIVOS Á “PRESTACIÓN NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DOS MUNICIPIOS DE CASTROVERDE E PEDRAFITA DO CEBREIRO (CAM CASTROVERDE LOTE 1 E CAM PEDRAFITA DO CEBREIRO LOTE 2)”.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe con CSV: IV7C3XLLJINCJ7O3WAIFCPSXNY que figura no expediente, do seguinte tenor literal:

“A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 11.03.2022, adoptou, entre outros, aprobar o expediente de contratación, 2022/CON_02/000017, dando aprobación ao contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior.



Vista a memoria xustificativa relativa á contratación das “Prestacións nos Centros de Atención a Persoas Maiores dos municipios de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro (CAM Castroverde lote 1 e CAM Pedrafita do Cebreiro lote 2)” 2022/CON_02/000017 co CSV IV7CYLTNJQHDSTXPVV7RFZTXIM, detéctase un erro, o cal se traslada aos PPT do citado expediente de contratación co CSV IV7CYLTNJ5NLJ3OLC7YCO4KSG4, así como ao PCAP con CSV IV7CZSK7P4XTVWP5CYO4OVYBME.

En concreto onde se sinala o persoal para as prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, a presenza mínima de persoal para dar cobertura indícase:

“c.2.3) Para o servizo de atención residencial cunha ocupación igual ou maior a 21 e ata 31 persoas usuarias, ambos incluídos, a adxudicataria garantirá a presenza de persoal dedicado ás prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, como mínimo de 2 traballadores/as na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde, de luns a domingo.

Reforzo: cando así se estime oportuno por parte da dirección do centro (Deputación de Lugo) serán reforzadas estas prestacións con persoal que dedique 2 horas de xornada presencial ao día segundo o establecido nos cupos de traballo deseñados pola delegada da contratista e da coordinadora do centro, con carácter xeral.”

Cando debería sinalar:

“c.2.3) Para o servizo de atención residencial cunha ocupación igual ou maior a 21 e ata 31 persoas usuarias, ambos incluídos, a adxudicataria garantirá a presenza de persoal dedicado ás prestacións de limpeza, lavandería e xestión de roupa, como mínimo de 1 traballador/a na quenda de mañá e 1 na quenda de tarde, de luns a domingo.

Reforzo: cando así se estime oportuno por parte da dirección do centro (Deputación de Lugo) serán reforzadas estas prestacións con persoal que dedique 4 horas de xornada presencial ao día segundo o establecido nos cupos de traballo deseñados pola delegada da contratista e da coordinadora do centro, con carácter xeral.”

Este erro, solo afecta á memoria, PPT e PCAP sinalados, e non aos cálculos do orzamento base de licitación nin ao valor estimado do contrato. Non afecta ao informado xuridicamente.

Terase en conta que o anuncio de licitación da contratación que nos ocupa foi enviado ao DOUE o 08.03.2022, polo que deberá ampliarse o prazo de presentación de ofertas por un período igual ao transcorrido”.

Á vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a memoria xustificativa, prego de prescricións técnicas e prego de cláusulas administrativas da contratación das “Prestacións nos Centros de Atención a Persoas Maiores dos municipios de Castroverde e Pedrafita do Cebreiro (CAM Castroverde lote 1 e CAM Pedrafita do Cebreiro lote 2), rectificados nos termos recollidos no informe reproducido anteriormente.

2º.- Publicar na Plataforma de Contratación do Sector Público a memoria xustificativa, os pregos de prescricións técnicas e os pregos de cláusulas administrativas rectificados e estender o prazo de presentación de ofertas por tempo igual ao transcorrido.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DE DIVERSAS OBRAS DO PLAN ÚNICO 2021.

Escrito do Concello de Rábade, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 256 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Rábade, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (256) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29/12/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 12/01/2021.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2022, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse na data límite do 31 de outubro de 2022 e xustificaranse na data límite do 15 de novembro de 2022.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 30/03/2021, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Rábade presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
RÁBADE	256	PAVIMENTACIÓN E SERVIZOS NA RÚA JOSÉ PARDO MONTENEGRO, FASE 3	1532.76201	17.350,56€

Por escrito de data 21/03/2022 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
RÁBADE	REM	RENOVACIÓN BEIRARRÚAS E SERVIZOS TRAMO AVD. CORUÑA	1532.76201	5.784,57 €	17.350,56 €	23.135,13 €

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2021, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Rábade, no Plan Único 2021.”.



A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Rábade e incluír no PUC/21, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
RÁBADE	REM	RENOVACIÓN BEIRARRÚAS E SERVIZOS TRAMO AVD. CORUÑA	1532.76201	5.784,57 €	17.350,56 €	23.135,13 €

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Addenda de modificación terceira do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Mondoñedo para a execución de fins comúns consistentes en: Adecuación do Mirador de Paredóns e accesos incluído adquisición terreos.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á addenda de modificación terceira ao convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns

consistentes en: Adecuacion do Mirador de Paredóns e accesos incluído adquisición terreos, que dispón o seguinte:

“Primeiro.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 17/07/2020 prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Adecuacion do Mirador de Paredóns e accesos incluído adquisición terreos. Dito convenio foi modificado por acordos da Xunta de Goberno de datas 03/09/2021 e 26/11/2021.

Segundo.- En data 31/07/2020 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo, e addendas de modificación o 06/09/2021, e 26/11/2021 quedando na cláusula primeira, relativa ao obxecto do convenio:

“(…)

Para acadar estes obxectivos compartidos, ambas administracións comprométense a realizalos seguintes investimentos:

INVESTIMENTO:	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ADECUACION DO MIRADOR DE PAREDÓNS E ACCESOS INCLUÍDO ADQUISICIÓN TERREOS. (MODIFICADO)	Anualidade 2020: 135.000,00 € Anualidade 2021: 15.000,00 €	Anualidade 2021:49.671,39 €
TOTAL	199.671,39€	

E na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Mondoñedo:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 31 de marzo de 2022”

E na cláusula cuarta, relativa á xustificación:

“[.....]

e na data límite do 30 de abril de 2022, o Concello de Mondoñedo achegará á Deputación de Lugo unha conta xustificativa relativa á anualidade de 2021, que terá o seguinte: (...)

[.....]”.



Terceiro.- En data 29/12/2020, aprobouse por Resolución da Presidencia, o pagamento de anticipo por importe de 135.000,00 € ao Concello de Mondoñedo e por Resolución da Presidencia de data 27/12/2021 aprobouse a conta xustificativa reativa á anualidade de 2020.

Cuarto.- Don Manuel Ángel Otero Legide, Alcalde do Concello de Mondoñedo achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 16/03/2022, a través do que manifesta “... ante a escasez de sumministracións ata o punto de paralizar por este incremento de presos as plantas de fabricación de aglomerado da nosa contorna, e que ademáis se ve agravada por unha folga xeral de transporte iniciada o 14 de marzo de 2022, que impide a chegada de materiais á obra, e de imprevisible prazo de finalización, Solicita ampliación do prazo de execución das obras incluídas ao abeiro do convenio asinado ata o 30-09-2022 e de xustificación do mesmo ata o 31-10-2022.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

Cuarto.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

Quinto.- A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)



“lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade. Neste suposto e dada a natureza das actuacións promovidas, fundamentalmente resultados concretos de campo de fútbol.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

Sétimo.- O municipio de Mondoñedo é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos...; c) Abastecemento de auga potable a



domicilio...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

No ámbito turístico cabe acudir a lexislación sectorial nesa materia, concretamente a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, que no seu artigo 5 establece as competencias municipais: “corresponden ao concellos, se prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións: a) A protección e promoción dos recursos turísticos do seu termo municipal; (...)”.

En canto á mellora de camiños e accesos, ademais: a Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Oitavo.- O Concello de Mondoñedo, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación , segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese Concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Noveno.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación



das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85 , de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2020 e 2021.

O Concello de Mondoñedo será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Décimo primeiro.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, de xeito que a data límite para executar as actuacións incluídas no convenio sexa o 30 de setembro de 2022, e establecéndose o 31 de outubro de 2022 como data límite para a xustificación da anualidade de 2021.

Décimo segundo.- En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Conclusión.

Así pois a proposta de addenda de modificación terceira do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.”.



Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda de modificación terceira do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Mondoñedo coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Adecuación do Mirador de Paredóns e accesos incluído adquisición terreos, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de setembro de 2022, e a data límite para a xustificación da anualidade correspondente a 2021 o 31 de outubro de 2022, establecéndose como data límite da vixencia do convenio a da aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 12 DO POLÍGONO INDUSTRIAL “A GÁNDARA”. CONCELLO DE FRIOL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“En data de 9 de marzo de 2022, foi presentado un escrito por Dna. M^a Inés Castelo García mediante o que expón que co fin de proceder, proximamente , á construción dunha nave industrial no Polígono Industrial Monte da Gándara en Friol, está interesada na adquisición da parcela número 12 deste Polígono Industrial co financiación da Deputación Provincial e solicita a súa adquisición por importe de trinta e tres mil catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de agosto de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de

solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “A Gándara”, no Concello de Friol, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 204, de data de 4 de setembro de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 1 de outubro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial “A gándara” do Concello de Friol aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 12 do Polígono Industrial “A Gándara” no Concello de Friol non foi adxudicada neste procedemento e ten un prezo de licitación, publicado no Boletín Oficial da Provincia referenciado, de trinta e tres mil catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€) máis IVE.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial “A Gándara”, no Concello de Friol, recolle na súa cláusula 20:

“No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións”.

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 21 de marzo de 2022, con CSV IV7C3TQTNNVZZ36P2EGQ73SQ6Y.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 22 marzo de 2022, con CSV IV7C3XASDAGT7PVKXUMTFY776U.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 12 do Polígono Industrial “A Gándara”, no Concello de Friol, a favor de Dna. M^a Inés Castelo García por



importe de trinta e tres mil catrocentos doce euros con corenta e catro céntimos (33.412,44€), con pago aprazado a cinco anos e cota mensual.

2º.- Formalizar o contrato compraventa da parcela número 12 do Polígono Industrial “A Gándara” no Concello de Friol, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de M^a Inés Castelo García.

3º.- Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 12 do Polígono Industrial de “A Gándara”, no Concello de Friol, con referencia catastral 27020A057001270001ZL.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE ACORDO EN RELACIÓN CO ESCRITO PRESENTADO POR EXPLOTURSIL S.L.U.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito con rexistro de entrada no Rexistro Xeral Telemático da Deputación Provincial de Lugo nº 2022RT000575 de data 21/01/2022, mediante o cal a entidade mercantil Explotursil S.L.U., NIF/CIF: B32219206, termina solicitando : “Que por parte del área de turismo de la Diputación de Lugo se proceda a la revisión de las tarifas del servicio de catamaranes para la temporada 2022 y posteriores, debido a la segura diferencia tarifaria entre iguales explotaciones del servicio de catamaranes, la pública y la privada, lo que podría suponer la vulneración de la Ley 15/2007, de 03 de julio, de Defensa de la Competencia.”

Visto que a Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 28/05/2021, adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as tarifas dos prezos públicos do servizo de catamaráns das rutas turísticas fluviais da Deputación de Lugo.

Visto que no apartado 3 do dito acordo, que foi publicado no BOP Lugo Núm. 126 de 05/06/2021, establece que: as tarifas sinaladas neste acordo, manteranse en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Visto que no informe de data 18/05/2021, que obra no expediente que deu lugar ao acordo de referencia, se sinala que coa proposta, acompáñase o cálculo de custo das gratuidades e descontos sobre os billetes e un estudo de custe do funcionamento do Servizo de Rutas Fluviais. Dito estudo de custo conclúe que os ingresos consecuencia do prezo público son menores que os custes de xestión do Servizo, facendo mención a razón sociais, benéficas, culturais e de interese público, pola promoción do territorio da Ribeira Sacra Lucense, que o xustifican.

Considerando que de acordo co previsto no artigo 44 do Real Decreto Lexislativo 02/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o importe dos prezos públicos deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado ou da actividade realizada; pero que cando existan razón sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no número anterior.

Considerando que a lei 07/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia sinala no seu artigo 6 sinala que corresponden ás entidades locais supramunicipais, sen perxuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, as seguintes atribucións:

a) A promoción dos recursos turísticos e xeodestinos, segundo a definición contemplada no artigo 23.1, que se determinen dentro do seu ámbito territorial, en coordinación con todos os entes locais afectados e a Administración autonómica.

Considerando que dende o ano 1993, a Deputación de Lugo ten en funcionamento o servizo de catamaráns das Rutas Turísticas na Ribeira Sacra apostando pola diversificación das actividades do territorio para a súa dinamización e desenvolvemento socioeconómico. Este proxecto supuxo dende os seus inicios un revulsivo para o nacemento dun sector que, por aquel tempo, acollía os primeiros proxectos ligados ao turismo rural no sur lucense, ao crear unha oferta complementaria que resultaba esencial para dotar de contido e tematizar a visita.



Considerando que a Deputación Provincial de Lugo debe velar polo interese público non procurando o lucro, tanto polo que se refiere ao fomento do turístico do percorrido ofertado polo Servizo de Catamaráns, como polo relanzamento económico das poboacións da Ribeira Sacra lucense, máxime se temos en conta, por unha banda, que se trata de un territorio que é Reserva da Biosfera e pretende acadar outros recoñecementos internacionais. e, por outra, a situación actual de pandemia na que nos atopamos, sendo por elo importante a atracción dos potenciais usuarios

Propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopte o seguinte acordo:

1º.- Desestimar a solicitude formulada pola entidade mercantil Explotursil S.L.U., mediante escrito con rexistro de entrada no Rexistro Xeral Telemático da Deputación Provincial de Lugo nº 2022RT000575 de data 21/01/2022, relativa a que se proceda á revisión das tarifas do Servizo de Catamaráns.

2º.- Notificar o acordo á entidade mercantil Explotursil S.L.U.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO, DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” E DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2022.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Turismo no que pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases e proceder á convocatoria dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”.

Vista a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

Visto o informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.

Visto o informe de Intervención.

Tendo en conta os antecedentes expostos, a Deputada Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2022 por un importe de 7.865 euros IVE engadido co seguinte desglose:

Adquisición de diplomas acreditativos e agasallos de carácter simbólico, que na anualidade 2022 serán pezas de artesanía da provincia de Lugo: 3.630€ IVE engadido.

Gastos de organización da entrega dos premios: 4.235 euros IVE engadido.

2º.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrência competitiva, dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para anualidade 2022.

3º.- Aprobar a publicación da convocatoria e das bases dos premios no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE INVERSIONES EN INSTALACIONES DE CARÁCTER CULTURAL E PARA EQUIPAMENTOS CULTURAIS, AÑO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do 23 de decembro de 2021, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais realizados na anualidade 2021; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
ANPA Escola Municipal de Música de Mondoñedo	G27461144	1.106,00 euros

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL, AÑO 2021.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 9 de decembro de 2021, onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 293, do 23 de decembro de

2021, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural realizados na anualidade 2021; e vistas as renuncias presentadas polos beneficiarios que se indican a continuación, así como os informes do Servizo de Cultura, e a proposta da Sra. Deputada Delegada de Cultura, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar as renuncias presentadas polos beneficiarios que a continuación se relacionan polos importes que así mesmo se indican:

ENTIDADE	CIF	SUBVENCIÓN
Asociación de Persoas Sordas de Lugo (ASORLU)	G27021187	438,00 euros
Asociación Vecinal Os Milagres de Saavedra	G27363167	1.712,00 euros
Asociación Cultural Veciños do Campo de San Xoán	G27491000	1.644,00 euros

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE PEÓN/PEOA GRANXA PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de peón/peoa granxa para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.4 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, proponse á Xunta de Goberno que, segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente



Reglamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de peón/peoa granxa, grupo agrupacións profesionais, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo de peón/peoa granxa, grupo agrupacións profesionais.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE PEÓNS/PEOAS DE REPARACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de peóns/peoas de reparacións de vías provinciais para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.4 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado no BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de peóns/peoas de reparación de Vías Provinciais, grupo agrupacións profesionais, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.



2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Aprobado as bases específicas, que complementan as bases xerais que rexe a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo, de peóns/peoas de reparación de Vías Provinciais, grupo agrupacións profesionais.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA CONSTITUIR UNHA LISTAXE DE OFICIAL/A DE OFICIOS MÚLTIPLES PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das

seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de constituír unha listaxe de emprego temporal de Oficial/a de Oficios Múltiples para poder atender ás necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.4 da Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a constitución dunha listaxe de emprego temporal de oficial/a de oficios múltiples, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba a texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota Xeral ou cota de persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6.04.2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15.07.2020).

3º.- Aprobar as bases específicas que complementan as bases xerais que rexen a elaboración de listaxes para prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo de oficial/a de oficios múltiples, grupo C –subgrupo C2.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados na base xeral 4 e na base específica 4, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.



5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE CORRECCIÓN DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO CELEBRADA EN DATA 3 DE DECEMBRO DE 2021 EN RELACIÓN COA DACIÓN DE CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº167/2021, DE 10 DE SETEMBRO, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE LUGO NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 139/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 3 de decembro de 2021 relativo ao seguinte:

“Conta e cumprimento da Sentenza nº167/2021, de 10 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 139/2021.

Dase conta da Sentenza nº 167/2021, de 10 de setembro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, no Procedemento Abreviado 139/2021, seguido a instancia de D. Manuel Rodríguez Fontal fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, en cuxo fallo dí o seguinte: *“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de D. Manuel Rodríguez Fontal frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo seguido como proceso abreviado número 139/2021, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento, que se declara contraria a Derecho y se anula; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a*

indemnizar al demandante en la suma de 424,37 euros, más los intereses legales devengados desde el 21/01/2021”.

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes, dar cumprimento á citada Sentenza; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquicia do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.”

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 28 de decembro de 2021 do devandito Xulgado na que indica o seguinte:

Constando ingresada por la Diputación de Lugo en la cuenta de consignaciones de este órgano judicial y en el procedimiento arriba referido la cantidad de 300 euros, y toda vez que en las actuaciones de referencia constan satisfechas a la parte demandante la totalidad de las cantidades debidas en concepto de principal, intereses y costas, expidiéndose al efecto el correspondiente mandamiento de pago por importe de 553,88 euros a favor de D. Manuel Rodríguez Fontal, acuerdo:

Emplazar a las partes personadas por diez días a fin de que manifiesten lo que a su derecho convenga respecto del ingreso de 300 euros efectuado por la Diputación de Lugo, bajo apercibimiento de proceder a la devolución de dicha cantidad a la parte consignante.”

Vista a Dilixencia de Ordenación de data 28 de xaneiro de 2022 na que acorda proceder ao abono da cantidade de 300 euros, en concepto de sobranse, á conta da Deputación Provincial de Lugo.

Visto o anterior, e postos en contacto coa compañía aseguradora SegurCaixa coa que a Deputación ten contratado seguro de responsabilidade civil xeral, a cal nos indica que por erro procedeu ao abono da totalidade das cantidades debidas neste procedemento e nos indica un número de conta para que se proceda por parte da Deputación ao abono do tramo de franquía pactado.



Polo anteriormente exposto, e tendo en conta que xa existe certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade de 300 euros, comunicada polo Servizo de Intervención, á Xunta de Goberno propónse a adopción do seguinte acordo:

O ingreso da cantidade de 300 euros en concepto de franquía na conta indicada pola compañía aseguradora SegurCaixa, en cumprimento da devandita Sentenza e en virtude do citado contrato de seguro de responsabilidade civil xeral subscrito entre esta entidade e a devandita compañía de seguros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO CLASIFICACIÓN PROFESIONAL Nº 1029/2021.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o Decreto de data 16 de decembro de 2021 ditado polo Xulgado do Social nº4 de Lugo en relación co procedemento: Clasificación Profesional 1029/2021 – seguido a instancia de D. Iago Prado Rodríguez fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade - no que, entre outros pronunciamentos, se acorda a admisión da demanda interposta e se cita ás partes para que comparezan para a celebración do xuízo o día 8 de xuño de 2022, ás 12.00h.

Visto o anterior, propónse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no procedemento anteriormente referenciado.

2º.- A remisión, de ser necesario, do expediente ao Xulgado do Social nº4 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora necesario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Primeiro.- *Conta e cumprimento da sentenza nº 51/2022, de 2 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 284/2021-C.*

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“No Procedemento Abreviado 284/2021-C seguido ante o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo a instancia de Dª Luz Divina Novo Silva fronte á desestimación por silencio administrativo do recurso de reposición interposto en data 11 de marzo de 2021 e 13 de abril de 2021 fronte ás Dilixencias de Embargo de datas 10 de febreiro e 8 de marzo de 2021 ditadas no expediente nº2009/03477, o devandito Xulgado ditou a Sentenza nº51/2022, de 2 de marzo, cuxo fallo é o seguinte:

“Debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por doña Luz Divina Novo Silva contra la diligencia de embargo de bien inmueble del día 10-2- 2021 acordada en el expediente 2009/03477 acordada por el Servicio de Gestión Tributaria, Recaudación e Inspección de la Diputación Provincial de Lugo por ser contrario al ordenamiento jurídico y, por ello, nulo. Las costas de la instancia se imponen a la entidad demandada si bien con limitación de su importe, por todos los conceptos, sin perjuicio de su tasación, a -200- euros.”

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

O cumprimento da devandita Sentenza nos termos contidos no seu fallo, salvo no que se refire ao abono das custas, o cal se tramitará unha vez se nos dea traslado da correspondente taxación de custas.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Conta e cumprimento da Sentenza nº 13/2022, de 7 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado nº 327/2021.*

Dase conta da sentenza nº 13/2022, de 7 de febreiro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 327/2021, seguido a instancia de Mapfre España, S.A. fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial polo danos sufridos nun vehículo a consecuencia dun accidente de circulación na LU-P-1611 pola irrupción dun corzo na calzada, e en cuxo fallo di o seguinte: “*Que debo de estimar y estimo el recurso contencioso- administrativo interpuesto por la representación procesal de Mapfre España S.A. frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, seguido como Proceso Abreviado número 327/2021 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que se declara contraria a Derecho y se anula, y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a Mapfre en la suma de 1.127,87 euros, con el incremento en el interés legal del dinero a computer desde el 8 de julio de 2021. Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de trescientos euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado. Notifícase esta sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno.*” A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento á citada Sentenza, e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao aboamento na conta do Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, da cantidade de 300 euros, importe da franquía do seguro de responsabilidade que ten contratado esta Deputación.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.